

Exped. Núm. 111/2023 (AE/cvp)

## PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE DIFÍCIL COBERTURA DE DETERMINADO PERSOAL ESTATUTARIO CON TÍTULO DE ESPECIALISTA EN CIENCIAS DA SAÚDE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA O ANO 2023 – INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Coa finalidade de complementar o informe de legalidade emitido en data 21.03.23 en relación co proxecto de decreto referido no asunto, en cumprimento do que se dispón no artigo 7.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aprobou o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia, e no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e como consecuencia dunha modificación introducida no número de prazas ofertadas, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

### INFORME COMPLEMENTARIO

#### 1. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN INTRODUCIDA

Detectado erro na relación de prazas do anexo que acompañaba ao Decreto, incorpóranse ao mesmo 2 (dúas) prazas máis na categoría de Facultativo Especialista de Área de Farmacia Hospitalaria nos hospitais dos distritos de A Mariña e Monforte de Lemos, de acordo coa certificación da Xerencia da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, resultando así unha oferta final de 4 (catro) prazas na dita categoría e, en consecuencia, unha oferta total de 423 prazas, no lugar das 421 iniciais, manténdose polo demais o texto informado no seu día.

#### 2. NOVOS TRÁMITES PRACTICADOS TRAS A MODIFICACIÓN

Relacionase de seguido a documentación xerada con ocasión da modificación introducida, en particular polo que atinxe aos informes e trámites cubertos ao respecto da tramitación deste proxecto normativo:

1. Certificación complementaria do Xerente da Área Sanitaria da Área de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos do 28.03.23, na que se sinala que as dúas novas prazas incorporadas figuran dotadas orzamentariamente.
2. Certificación complementaria da Directora Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 31.03.23, na que se sinala que as dúas novas prazas incorporadas figuran dotadas orzamentariamente e son susceptibles de ser incluídas na convocatoria.
3. Informe complementario da Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 10.04.23.
4. Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e

Administración Pública, de data 11.04.23, ao respecto do proxecto de decreto tras a incorporación das dúas novas prazas referidas.

5. Documentación xustificativa da comunicación efectuada o 04.04.23 á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, da Consellería de Política Social e Xuventude, logo do informe favorable de impacto demográfico, emitido o pasado día 02.03.23.
6. Documentación xustificativa da comunicación efectuada o 04.04.23 á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, logo do informe emitido o pasado día 09.03.23.
7. Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade do 12.04.23 ratificando o emitido en data 20.03.23 con carácter favorable.

Así pois, resultando de aplicación o sinalado con ocasión do informe de legalidade emitido en data 21.03.23, coa única excepción do número total de prazas ofertado así como no tocante ao número final de prazas que corresponderían á categoría de Facultativo Especialista de Área de Farmacia Hospitalaria, que tras a modificación operada serían, 423 e 4 respectivamente, considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte

## PROPOSTA

Ratificar o informe favorable emitido o 21.03.23 en relación co proxecto de decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do servizo galego de saúde, para o ano 2023, tras a modificación operada e incorporar ao mesmo os trámites e documentación complementaria aquí relacionados.

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

María Jesús Rúa Moure

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

